



PROTOCOLO EN CASO DE POSITIVOS OU SUPOSTOS POSITIVOS DE SARS Cov 2 NO SPIF

A nivel persoal, cada traballador/a de forma responsable, debería facerse un autoanálise de sintomatoloxía asociada ao COVID-19 antes de ir traballar.

Síntomas frecuentes:

1. Febre (non demasiado alta)
2. Tose
3. Dificultade respiratoria
4. Perda de gusto e olfacto

Síntomas menos frecuentes:

1. Diarrea
2. Náuseas
3. Dor de cabeza

<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludpublica/ccayes/alertasactual/ncov-Chinesa/documentos/ITCoronavirus.pdf>

No caso de padecer algún síntoma antes da xornada laboral, o/a traballador/a debe quedarse na casa e chamar ao teléfono de alerta por coronavirus (en Galicia **900 400 116**) para recibir instrucións.

Aínda que non é obrigatorio informar da súa situación ao seu centro de traballo, si sería aconsellable para deixar constancia.

No posto de traballo sería necesario ter un termómetro dixital de non contacto para o control da temperatura corporal (nestes momentos non hai stock suficiente, por tanto, hai que pedir a cada traballador/a que de maneira responsable se tome a temperatura na casa).

Actuación ante casos ou posibles casos na contorna laboral:

Ante a aparición de síntomas durante a xornada laboral os/as traballadores/as que os manifesten deben interromper a súa actividade, informar o seu superior/a, chamar ao telf.: **900 400 116** e en todo momento manter a distancia mínima de seguridade de 2 m. Se fose posible, sería importante poder dispoñer dunha habitación no centro de traballo na que se recluíría o/a posible afectado/a con unha máscara posta, sempre coa porta pechada pero con ventilación, á espera dos servizos sanitarios. Se fose necesario acompañar ao/á posible contaxiado/a farase sempre mantendo unha separación mínima de 2 m e levando postas máscara e lentes (EN 166).

Se non dispoñemos desa habitación, sería suficiente manter a distancia mínima de seguridade (2 m) cos/coas compañeiros/as e sempre coa máscara posta.

Todas as persoas que estivesen no mesmo lugar que un caso confirmado a unha distancia menor de 2 m con el/ela, durante un tempo de polo menos 10 min e que non utilizasen medios de protección adecuados (máscara) deben contactar co telf.: **900 400 116** para que lles indiquen o procedemento a seguir.

Todas as persoas que estivesen no mesmo lugar que un caso confirmado a unha distancia maior de 2 m durante máis de 10 min, que utilizasen unha barreira física (ex.: pantalla facial) ou que utilizasen unha máscara cando estivesen a unha distancia inferior a 2 m, deben vixiar a súa temperatura corporal e a aparición de calquera síntoma asociado ao COVID-19. En caso de aparecer síntomas, non se debe acudir ao centro de traballo e contactarán co telf.: **900 400 116** para que lle indiquen como proceder.

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludpublica/ccayes/alertasactual/ncov-Chinesa/documentos/Manexo_primaria.pdf

<https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludpublica/ccayes/alertasactual/ncov-Chinesa/documentos/PrevencionRLL COVID-19.pdf>